

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PORTO DO SON

Bases e convocatoria do proceso selectivo de 5 prazas operarios servizos múltiples como persoal laboral fixo OEP 2020

OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO 2020

BASES E CONVOCATORIA DO PROCESO SELECTIVO PARA COBERTURA COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE 5 PRAZAS DE OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES

ANUNCIO

A Xunta de Goberno Local con data 27/01/2022 aprobou as bases e a convocatoria das probas selectivas para a cobertura como persoal laboral fixo, Grupo V, baixo a denominación “5 Operarios de servizos múltiples” conforme as seguintes bases aprobadas:

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE SELECCIÓN PARA CONTRATACIÓN COMO PERSOAL LABORAL FIXO DE 5 PRAZAS DE OPERARIOS DE SERVIZOS MÚLTIPLES CORRESPONDENTES Á OEP 2020, POLO PROCEDIMENTO DE CONCURSO-OPOSICIÓN

PRIMEIRA.- Obxecto das presentes Bases.

1.1 É obxecto da presente a aprobación da Convocatoria e regulación das Bases que rexerán no proceso selectivo para a contratación laboral fixa a xornada completa, de 5 prazas de persoal laboral operarios de servizos múltiples, correspondentes á OEP 2020 (BOP A Coruña nº 60 de 31 de marzo de 2021), a través de procedemento de concurso-oposición.

1.2 Características das vacantes convocadas e funcións a desenvolver:

- Denominación: (5) prazas de Operarios Servizos múltiples
- Área: Obras e Servizos, esta área encargarase de realizar a conservación (limpeza e aseo) do municipio nas súas diferentes vertentes. A organización desta área dividirase en cuadrillas especializadas (recollida de lixo, limpeza viaria etc.) definidas en función da carga de traballo e con operarios polivalentes intercambiabiles entre sí. Tamén será a responsable da realización de obras diversas (electricidade, albanelería, fontanería, etc.).
- Clasificación: Laboral Fixo, Agrupación profesional Grupo V
- Xornada de traballo: Completa
- Retribucións: Ás correspondentes ao grupo de clasificación profesional fixadas na RPT municipal (BOP nº 204, de 25 de outubro de 2018).
- Funcións: Ás recollidas na RPT municipal (BOP nº 204, de 25 de outubro de 2018) co código 4018 e que son as seguintes, e as descritas para a área de obras e servizos:
 - Tarefas de mantemento e conservación (albanelería, mecánica, pintura, xardinería, electricidade, fontanería, etc) das instalacións municipais e mobiliario público correspondentes a súa unidade baixo supervisión
 - Bacheado de camiños baixo supervisión
 - Reformas e pequenas construcións municipais baixo supervisión
 - Revisións periódicas e mantemento da maquinaria e vehículos que utilice
 - Calquera outra relacionada co posto que lle encomendé o seu superior xerárquico

SEGUNDA.- Requisitos esixidos para participar no proceso selectivo.

1.- Os/As aspirantes, para ser admitidos ao proceso selectivo, deberán reunir os seguintes requisitos ao abeiro do disposto nos artigos 56 e 57 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público:

a) Ter a nacionalidade española, ser nacional dun estado membro da Unión Europea ou de Estados aos que lles sexa de aplicación a libre circulación de traballadores nos termos previstos en tratados subscritos pola UE e ratificados por

España, cando o interesado se atope incluído no seu ámbito de aplicación. Tamén poderán participar no proceso selectivo as seguintes persoas:

- Os cónxuxes de españois ou de nacionais doutro estado da UE, calquera que sexa a súa nacionalidade e sempre que non estean separados de dereito.
 - Os descendentes de españois ou de nacionais doutro estado da UE, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que sexan menores de vinte e un ano ou maiores desa idade dependentes.
 - Os descendentes do cónxuxe non separado de dereito de españois ou de nacionais doutro estado da UE, calquera que sexa a súa nacionalidade, sempre que sexan menores de vinte e un ano ou maiores desa idade dependentes.
- b) Ter cumpridos os dezaseis anos de idade e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.
- c) Estar en posesión do título, ou estar en condicións de obtelo na data na que remate o prazo de presentación de instancias, de graduado escolar ou equivalente. De tratarse dunha titulación obtida no estranxeiro, deberá achegarse documento que acredite de maneira fidedigna a súa homologación polas autoridades españolas.
- d) Estar en posesión dos carnés de conducir das categorías B, ou en condicións de obtelos antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.
- e) Non padecer enfermidade nin estar afectado por limitación física ou psíquica que sexa incompatible co desempeño das correspondentes funcións.
- f) Non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de ningunha das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das comunidades autónomas, nin atoparse en habilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala de funcionarios para o que fose separado ou inhabilitado.

Os nacionais doutros Estados non poderán atoparse en situación de inhabilitación ou equivalente nin ter recibido sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no Estado de procedencia, o acceso nos mesmos termos ao emprego público.

2.- Os requisitos necesarios para participar deberán acreditarse na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria.

3.- A participación neste proceso selectivo está suxeita ao pagamento de taxa municipal (Ordenanza fiscal reguladora da taxa por dereitos de exame, publicada no BOP núm. 16 do 26/01/2021).

Á solicitude de inscrición deberá acompañarse, en todo caso, copia da autoliquidación, debidamente ingresada correspondente ao dereitos de exame (Subgrupo E ou persoal laboral equivalente, importe 5,00 €). A falla de pagamento da taxa en prazo, determinará a inadmisión do aspirante nas probas selectivas. No caso de que a persoa figure coma demandante de emprego cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data da convocatoria das probas selectivas, deberá acreditar a circunstancia anterior mediante presentación de certificado de desemprego emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda.

TERCEIRA.- Solicitudes de participación no procedemento e forma e prazo de presentación de instancias.

1.- Para tomar parte nas probas selectivas os interesados deberán presentar unha instancia dirixida ao Alcalde do Concello de Porto do Son, segundo o modelo incorporado como anexo I a estas bases que rexen a convocatoria da praza.

Os modelos de instancia estarán accesibles na web municipal “www.portodoson.gal” e nas oficinas xerais da Casa do Concello.

2.- Os/As interesados en participar no proceso selectivo deberán presentar a correspondente instancia no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son ou por calquera dos procedementos que prevé o artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, así como a través da sede electrónica do concello de Porto do Son (<https://portodoson.sedelectronica.gal/info.0>) no prazo de vinte (20) días hábiles contados desde a publicación da convocatoria no Boletín Oficial do Estado (as presentes bases serán publicadas no BOP). A presentación fora de prazo suporá a non admisión do aspirante ao proceso selectivo.

Se os interesados non presentan as súas solicitudes no Rexistro Xeral do Concello de Porto do Son ou a través da sede electrónica, deberán remitir copia ao enderezo electrónico secretaria@portodoson.gal durante o prazo de presentación, a fin de pospoñer a elaboración da relación de aspirantes admitidos e excluídos ata recibir todas as instancias presentadas.

3.- Coa instancia os aspirantes deberán achegar copia (Únicamente será requirida a presentación da documentación orixinal aos aspirantes que finalmente sexan seleccionados. No caso de detectarse falsidade documental, será motivo de exclusión do proceso) dos seguintes documentos:

- a) DNI, pasaporte ou documento de identidade correspondente ao Estado de procedencia.

b) Título esixido para tomar parte no procedemento. No caso de non posuír o título pero estar en condicións de obtelo a data de finalización de presentación de solicitudes deberanse achegar os xustificante de telo solicitado e do pagamento, no seu caso, das taxas esixibles.

c) O certificado Celga 1 dacordo co establecido nestas bases, de non achegar esta documentación deberá realizarse a proba especificada na base sétima.

d) Relación dos méritos alegados e documentación acreditativa dos mesmos dacordo co establecido nestas bases. Para acreditar a experiencia laboral no sector público, será necesario presentar orixinal ou fotocopia de certificados de servizos prestados, no que deberá constar a especialidade e categoría profesional, data de inicio e finalización, virá acompañado tamén de informe de vida laboral actualizado a data de presentación de instancias. Si se tratase de servizos prestados no propio Concello de Porto do Son, expedirase de oficio informe de servizos prestados emitido polo departamento correspondente, non sendo necesario a petición do interesado.

A data límite para a alegación dos méritos e a presentación dos documentos relativos aos mesmos será a de finalización do prazo de presentación de solicitudes. En ningún caso serán valorados méritos non alegados na solicitude ou non acreditados documentalmente en prazo.

e) Documento de autoliquidación e xustificante bancario do seu aboamento ou de ser o caso: certificado de desemprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda, no que se indique que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate.

f) Fotocopia dos carnés de conducir da categoría B, ou xustificante de obtelo antes do remate do prazo de presentación de solicitudes.

Se a documentación xa obra en poder do concello, o interesado fará constar esta circunstancia, indicando o procedemento no que se presentou.

3.- As persoas discapacitadas, se precisan da adaptación de medios para a realización das probas farano constar na instancia e achegarán certificado acreditativo expedido polo Ministerio de Traballo e Seguridade Social ou outro órgano competente.

Así mesmo, deberán achegar certificado ou informe dos anteriores órganos ou da administración sanitaria competente acreditativo da compatibilidade da súa discapacidade co desempeño das tarefas e funcións propias do posto.

4.- A presentación da solicitude de participación no procedemento selectivo implica a aceptación plena e sen condicións das bases que rexen o proceso de selección.

5.- Os/as aspirantes que precisen adaptacións de medios, e/ou tempo adicional para a realización das probas selectivas, ademais de formular de forma expresa dita petición no apartado habilitado ao efecto na solicitude de admisión, deberán presentar, xunto con esta, escrito no que se especifique o tipo de adaptación que solicitan, así como certificado médico xustificativo da adaptación solicitada. O tribunal poderá solicitar informe e, no seu caso, colaboración dos órganos competentes dos Servizos Sociais do Concello ou da Xunta de Galicia.

O Tribunal adoptará as medidas precisas nos casos que resulte necesario, de xeito que os aspirantes que solicitaron adaptacións de tempo e/ou medios na forma sinalada gocen de similares condicións para a realización dos exercicios que o resto de participantes.

A adaptación de tempos levarase a cabo de conformidade co disposto na Orde Ministerial PRE/1822/2006, de 09 de xuño, pola que se establecen criterios xerais para a adaptación de tempos adicionais nos procesos selectivos para o acceso ao emprego público de persoas con discapacidade.

CUARTA.- Admisión de aspirantes.

1.- Rematado o prazo de presentación de instancias a Alcaldía ditará resolución aprobando a listaxe provisional de admitidos/as e excluídos.

Para o caso de non advertirse erros nin deficiencias nas instancias achegadas polos aspirantes esta listaxe terá a consideración de definitiva e será publicada a correspondente resolución.

2.- Os/As aspirantes excluídos/as provisionalmente, e os/as que non figuren na relacion de admitidos/as e excluídos/as, disporán dun prazo de dez (10) días hábiles, a contar dende o día seguinte da publicación, para emendar os erros que motivaron a súa exclusión e, de non facelo, serán excluídos/as definitivamente do proceso selectivo.

En ningún caso serán obxecto de emenda ou mellora a documentación achegada para a fase de concurso.

3.- Transcorrido o prazo para a emenda de solicitudes, a Alcaldía aprobará a listaxe definitiva de aspirantes admitidos/as e excluídos/as. Ademais, nesta resolución designarase aos membros do órgano de selección, titulares e suplentes, e a

data, lugar e hora de celebración do primeiro exercizo de oposición. Asemade, o Tribunal publicará no web municipal “www.portodoson.gal” (no portal de emprego) e no taboleiro de edictos do concello (Sede electrónica), antes da realización dos exercicios, a relación de aspirantes que solicitaron adaptación, indicando para cada un deles a adaptación concedida e, no seu caso, as razón da súa denegación.

Contra esta resolución poderá interporse recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía, no prazo dun mes, ou ben recurso contencioso- administrativo perante o Xulgado Contencioso- Administrativo; en ámbolos dous casos, o prazo contarase desde o día seguinte ao de publicación.

O feito de figurar na relación de admitidos/as non prexulgará que se lles recoñeza aos aspirantes o cumprimento dos requisitos esixidos. Cando da documentación a presentar unha vez superado o proceso selectivo se desprenda que non cumpren algún dos requisitos, os/as aspirantes decaerán en todos os seus dereitos que puideran derivarse da súa participación no procedemento.

4.- As resolucións aprobando as listaxes provisional e definitiva de admitidos e excluídos na web municipal “www.portodoson.gal” (no portal de emprego) e no taboleiro de edictos do concello (Sede electrónica).

QUINTA.- Órgano de selección.

1.- O órgano de selección estará formado por cinco membros titulares e os seus suplentes, e comporase por un/ha presidente/a, tres vogais e un/ha secretario/a e éstos poderán estar asistidos por aqueles outros membros que sexan precisos.

Todos os membros do órgano de selección serán designados consonte ao que dispoñen os artigos 60 TREBEP (RD-Lexisltivo 5/2015 de 30 de outubro) e 59 LEPG (Lei 2/2015 de 29 de abril) entre funcionarios/as de carreira ou persoal laboral fixo das Administracións Públicas que desempeñen postos para cuxo acceso se requira unha titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas.

Na composición do tribunal promoverase a presenza equilibrada de mulleres e homes, segundo o marcado pola Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, salvo razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas, en cumprimento do establecido no artigo 53 da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes; e no artigo 60.1 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público.

2.- Os membros do tribunal, asesores especialistas e persoal auxiliar, deberán absterse de intervir no procedemento, comunicándollo á Administración, cando concorran as circunstancias que prevé o artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do Sector público e cando preparasen aos aspirantes ás probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Os aspirantes poderán recusar aos membros do tribunal segundo o establecido no art. 24 da citada Lei 40/2015, do 1 de outubro.

3.- Cando algún membros do tribunal perda esa condición polas causas expostas no apartado anterior, a Alcaldía designará ao seu substituto de entre os suplentes e a nova composición será obxeto de publicación.

4.- O tribunal non se poderá constituír nin actuar sen a presenza de ao menos tres dos seus membros, titulares ou suplentes, indistintamente. En todo caso, requírese a asistencia do/a presidente/a e do/a secretario/a ou de quen os substitúan.

Cada sesión do tribunal documentarase nunha acta, sen que poida levantarse máis dunha por sesión.

5.- O órgano de selección, previo acordo adoptado formalmente, poderá dispor a incorporación aos seus traballos, con voz pero sen voto, de asesores especialistas para as probas nas que o estime conveniente. O labor destes asesores cinguiranse a prestar a colaboración que o tribunal lles requira nas súas especialidades técnicas.

Así mesmo, os Tribunais poderán valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios, cuxa designación deberá comunicarse á Alcaldía, que haberá de autorizar o número de persoal auxiliar proposto.

6.- Co fin de garantir a igualdade de oportunidades no proceso selectivo, o tribunal adaptará o tempo e os medios de realización dos exercicios dos aspirantes con discapacidade.

7.- A actuación do órgano de selección, no non previsto nestas bases, rexerese pola normativa aplicable á formación da vontade dos órganos colexiados prevista na Lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e demais disposicións vixentes que lles sexan de aplicación.

En caso de ausencia do/a Presidente/a e do seu suplente, o/a primeiro/a designará de entre os vocais un substituto/a que o suplirá. En defecto de designación, a substitución realizarase de conformidade do previsto no artigo 19.2 da Lei 40/2015, do 01 de outubro.

O Tribunal adoptará os seus acordos por maioría dos membros presentes en cada sesión. En caso de empate, resolverá o Presidente co seu voto de calidade.

Os acordos de calquera índole dos Tribunais poderán ser impugnados en alzada ante o Alcalde.

Os Tribunais continuarán constituídos ata non sexan resoltas as reclamacións presentadas ou as dúbidas que poida suscitar o proceso selectivo.

8.- Os Tribunais quedarán incluídos na categoría que corresponda ao grupo de titulación ao que pertencen as prazas convocadas, conforme ao disposto no artigo 30 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

SEXTA.- Sistema de selección.

1.- O sistema de selección será o de concurso-oposición, que se desenvolverá nas fases sucesivas de oposición e concurso.

2.- A data, hora e lugar de celebración do primeiro exercicio da fase de oposición publicarase coa listaxe definitiva de aspirantes admitidos e excluídos e polos mesmos medios que esta. A convocatoria para os seguintes exercicios farase na web municipal "www.portodoson.gal" (no portal de emprego) e no taboleiro de anuncios do concello (sede electrónica).

Entre a realización dun exercicio e o seguinte non poderán transcorrer menos de 24 horas.

3.- Os/As aspirantes disporán dun prazo de 3 días hábiles para presentar alegacións á corrección dos exercicios da oposición e á valoración do concurso.

4.- Se durante o desenvolvemento do proceso o órgano de selección tivese coñecemento de que algún dos/as aspirantes non reúne os requisitos esixidos na convocatoria, acordará a súa exclusión, previa audiencia ao interesado e comunicarllo á Alcaldía.

Así mesmo, o tribunal poderá excluír do proceso selectivo durante o desenvolvemento das probas aos aspirantes que realicen calquera actuación fraudulenta.

En todo caso, o órgano de selección poderá requirir dos aspirantes cantas aclaracións complementarias sexan precisas.

5.- As mulleres embarazadas que prevexan que a coincidencia do parto coas datas de realización da calquera dos exercicios polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación, o eventualmente nos primeiros días do puerperio, poderán poñelo en coñecemento do tribunal, engadindo á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse dentro das corenta e oito horas seguintes ao anuncio da data do exame e implicará o consentimento da interesada para permitir o acceso do tribunal ou do órgano convocante aos datos médicos necesarios relacionados coa súa situación.

O tribunal acordará si procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo, aprazalo ou adoptar ambas medidas conxuntamente.

Contra tal acordo non caberá recurso, sen prexuízo de que as razóns de impugnación se inclúan en calquera outro recurso admisible de acordo coas regras xerais do proceso selectivo.

SÉTIMA.- Fase de oposición.

1.- Os/As aspirantes serán convocados para a realización das probas en chamamento único, excluíndose aos que non comparezan agás casos de forza maior debidamente xustificados e aprezados discrecionalmente polo tribunal.

2.- A orde de actuación dos aspirantes iniciarase pola persoa cuxo primeiro apelido comece pola letra escollida no sorteo realizado pola Dirección Xeral de Función Pública de cada ano para determinar a orde de actuación de aspirantes nos procesos selectivos da Xunta de Galicia, desbotando as preposicións dos apelidos compostos.

3.- Os aspirante poderán ser requiridos en calquera momento polos membros do tribunal para acreditar a súa identidade.

4. Nesta fase os aspirantes deberán realizar uns exercicios eliminatorios, dirixidos a valorar a súa capacidade e aptitude para o desempeño das funcións propias das prazas obxecto desta convocatoria.

A fase de oposición constará de tres (3) exercicios e a puntuación máxima que poderán acadar os aspirantes será de 60 puntos:

Primeiro exercicio: (obrigatorio e eliminatorio) Consistirá na resolución por escrito, nun prazo máximo de 60 minutos, dun cuestionario tipo test en relación co contido de materias do anexo II. O cuestionario terá 20 preguntas, e 5 máis de reserva, cada unha con 3 respostas alternativas e só unha correcta. As preguntas de reserva substituirán pola súa orde ás do cuestionario que se anulen. Para o caso de anularse un número de preguntas superior ao de reserva, a puntuación do exercicio calcularase proporcionalmente ao número de cuestións válidas.

Non restarán puntuación as preguntas erradas ou non contestadas. Corresponderalle o Tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para determinar a puntuación deste exercicio que se puntuará de 0 a 30 puntos.

Segundo exercicio: (obrigatorio e eliminatorio) Consistirá na realización dunha proba de capacitación relacionada coas funcións e nivel de dificultade propias das prazas convocadas, na que os aspirantes desenvolverán unha ou varias probas de capacitación plantexadas polo Tribunal. A proba de capacitación poderá consistir, entre outras similares deseñadas polo Tribunal, na realización de algunha/s pequena obra/reparación/s, manexo de vehículos propios do servizo (con habilitación carné B); manexo/montaxe de pezas e ou instrumentos propios do servizo de obras, medio ambiente, electricidade básica, utilización de EPI´s e similares. O tribunal determinará con carácter previo á realización deste segundo exercicio, os criterios de avaliación do mesmo, poñéndoo en coñecemento dos aspirantes. A puntuación máxima deste exercicio será de 0 a 30 puntos.

Terceiro exercicio: Proba de galego: (obrigatorio e eliminatorio) Cualificarase como Apto / Non apto. A proba de coñecemento da lingua galega consistirá nunha tradución escrita dun texto en lingua castelá á lingua galega, durante un tempo máximo de 30 minutos. O texto a traducir terá un máximo de 100 palabras e considerárase non apto a quen cometa 10 erros (de tradución, de gramática e/ou de acentuación). Non se permitirá preparación previa nin apoio documental ou bibliográfico.

Deberan realizar esta proba aquelas/es aspirantes que non presenten o certificado no prazo de presentación de instancias e referido á data de remate, de ter superados os estudos conducentes á obtención do nivel do coñecemento do galego CELGA I esixido, expedido por organismo oficial para tal efecto, ou título acreditativo expedido por entidade académica para tal fin (iniciación ou equivalente). As/os aspirantes que acrediten a posesión do referido título estarán exentas/os da realización desta proba, considerándose neste caso directamente como APTO.

As/os aspirantes que non acreditasen estar en posesión do CELGA I ou equivalente e que non superasen esta proba quedarán excluídas/os do proceso selectivo.

OITAVA.- Fase de concurso. Experiencia profesional

Unha vez rematada a fase de oposición, procederase á valoración da fase de concurso só para aqueles/as aspirantes que superaron a fase de oposición, na que os/as aspirantes que superaron a fase de oposición poderán acadar ata un máximo de 40,00 puntos. A valoración aprobada polo Tribunal conterà a puntuación global obtida por cada aspirante na fase de concurso e publicarase no taboleiro de anuncios municipal e na páxina web.

Non se valorarán os méritos que non se aduzan e/ou acrediten dentro do prazo establecido. No en tanto, si o Tribunal de Selección considerase que un mérito dos alegados non está suficientemente acreditado poderá solicitar ao aspirante maior información ou documentación, sempre que iso non supoña a valoración de aspectos non alegados. Os méritos a valorar son a experiencia profesional na administración pública conforme ao seguinte baremo:

Experiencia: até un máximo de 40 puntos.	
Por prestación de servizos en calquera Administración local en postos de traballo de operario de servizos múltiples ou postos de traballo que garden similitude cas funcións e contido técnico e especialización da praza convocada.	0,20 puntos por mes completo de servizos até un máximo de 20 puntos
Por prestación de servizos en Administración do Estado ou de C.A en postos de operario de servizos múltiples ou postos de traballo que garden similitude cas funcións e contido técnico e especialización da praza convocada	0,15 puntos por mes completo de servizos até un máximo de 20 puntos.

Os servizos prestados na administración pública acreditarase mediante certificado do secretario da Corporación ou órgano da administración pública competente, no que se faga constar as funcións realizadas e a categoría desempeñada.

A puntuación máxima de experiencia profesional non poderá superar os 40 puntos.

NOVENA.- Lista de aprobados e actuacións en caso de empate.

Determinado a orde de cualificación definitiva polo Tribunal, farase pública a lista de aprobados no taboleiro de anuncios da Casa do concello e na páxina web municipal, indicando as cualificacións obtidas por cada aspirante en cada unha das fases do procedemento e a cualificación total, ordenadas de maior a menor puntuación total.

En caso de empate de varios aspirantes nas puntuacións finais, establécense como criterios de desempate, a aplicar na orde que se indica, os seguintes:

- A maior puntuación total da fase de oposición
- A maior puntuación obtida na fase de concurso

De persistir o empate, resolverase mediante sorteo público convocado cunha antelación mínima de 24 horas.

DÉCIMA.-Proposta de nomeamento.

1. O Tribunal remitirá a relación definitiva dos aspirantes propostos para cubrir as prazas obxecto da convocatoria, a favor dos aspirantes que obtivesen a maior puntuación total.

2. A resolución do Tribunal será publicada no taboleiro de anuncios do Concello e na páxina web municipal.

3. O Tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de prazas obxecto da convocatoria.

O órgano competente procederá á formalización dos contratos previa acreditación das condicións de capacidade e requisitos esixidos na convocatoria.

Formalizado o contrato deberase comunicar á oficina pública de emprego que corresponda, no prazo dos dez días seguintes á súa concertación; así mesmo, deberase informar á representación legal dos traballadores, mediante entrega dunha copia básica dos contratos celebrados.

Téñase en conta que ata que se formalicen os mesmos e incorpórense aos postos de traballo correspondentes, os aspirantes non terán dereito a percepción económica algunha.

DÉCIMO PRIMEIRA.-Natureza xurídica das bases e réxime de recursos.

Estas bases e cantos actos administrativos derívense delas e da actuación do Tribunal de Selección poderán ser impugnados nos casos e na forma establecida na Lei 39/2015, do 1 de outubro.

DÉCIMO SEGUNDA.-Datos de carácter persoal.

1. A participación no proceso selectivo implica o consentimento para que os datos persoais achegados sexan obxecto de publicación a través da súa inserción no Boletín Oficial da provincia e BOE e no taboleiro de anuncios da Casa do concello de Porto do Son e na web municipal cando así o requira a tramitación do procedemento.

2. Por aplicación do principio de especialidade, os datos persoais que poderán ser obxecto de publicación son o nome, apelidos e o número de DNI ou documento equivalente a efectos de cumprimento do establecido na Lei 3/2018 de 5 de decembro de Protección de datos persoais e garantía de dereitos dixitais.

DÉCIMO TERCEIRA.- Bolsa de emprego.

1.- Os/As aspirantes que superasen o primeiro exercicio sen chegar a obter praza, serán incluídos nunha bolsa de emprego para a provisión temporal de postos, pola orde da súa puntuación, por si fose necesario cubrir baixas, renuncias ou calquera outra situación no concello de Porto do Son no posto para o que se presentaron.

2.- A constitución da bolsa de emprego non crea dereito algún a favor dos seus integrantes, salvo a do seu chamamento para nomeamento como persoal laboral temporal que no seu caso proceda pola orde establecida, e sempre que se dean algunha das circunstancias para as que se constituíu esta bolsa.

3. Serán causas de exclusión da bolsa de traballo:

a) A non achega, no seu caso, de documentación que poida ser requirida ao aspirante.

b) Non comparecer á contratación dentro do prazo establecido nestas bases.

c) Non someterse a recoñecemento médico ou non superalo por obter a cualificación de “non apto”.

d) A exclusión dun integrante da bolsa deberá serlle notificada por escrito. A non aceptación da proposta de traballo ofertada mediante chamamento sen concorrer algunha das causas de non exclusión que seguidamente se detallan non será causa de exclusión pero supoñerá para o afectado pasar ao último lugar da bolsa.

4. Non serán causa de exclusión da bolsa de traballo as seguintes circunstancias, debidamente acreditadas no prazo máximo de tres días hábiles desde o chamamento:

a) Baixa por maternidade ou paternidade.

b) Baixa por enfermidade ou accidente.

c) Exercicio de cargo público representativo que imposibilite a asistencia ao traballo.

d) Estar a traballar en calquera organismo público ou empresa privada.

e) Cumprimento dun deber inescusable de carácter público e temporal.

Estas persoas manterán por tanto a súa posición na bolsa de emprego. A non acreditación destas circunstancias no prazo indicado non será causa de exclusión pero supoñerá para o afectado pasar ao último lugar da bolsa.

Nestes supostos, o aspirante continuará na mesma posición que ocupaba inicialmente, aínda que non será activado na bolsa e non se lle ofrecerá ningún contrato ata que comunique ao Concello a súa dispoñibilidade por modificarse a causa que alegou para non aceptar a oferta de traballo.

A realización dunha contratación non exclúe a posibilidade de ser contratado novamente noutras ocasións, nin fai perder ao aspirante a posición que ocupaba na lista de aprobados.

5. A bolsa de traballo será pública e estará ao dispor dos interesados para a súa consulta.

6. Procedemento de chamamento: O chamamento producirase por rigorosa orde de puntuación no seguinte sentido:

A medida que se produzan necesidades cuxa cobertura sexa solicitada procederase da seguinte forma:

a) Procedemento xeral: Contactarase telefonicamente (mediante chamada) e mediante comunicación de e-mail cos aspirantes seguindo rigorosamente a orde establecida na bolsa. O/A aspirante deberá dar unha contestación á oferta de emprego no prazo máximo de vinte e catro horas desde que sexa localizado. Realizásense como máximo tres intentos de comunicación en horas distintas e polo menos dúas deles en días diferentes.

b) Procedemento de urxencia: Contactarase telefonicamente (mediante chamada) e mediante comunicación de e-mail cos aspirantes seguindo rigorosamente a orde establecida na bolsa. O aspirante deberá dar unha contestación á oferta de emprego no prazo máximo de dúas horas desde que sexa localizado. Realizásense como máximo tres intentos de comunicación en horas distintas.

No caso de que non se poida localizar a un aspirante despois de tentar tres intentos de comunicación no horario de 8:00 a 15:00 horas, procederase a chamar ao seguinte aspirante da lista, sendo o aspirante non localizado colocado na mesma posición que tiña adxudicada orixinarmente na lista de espera. Das xestións realizadas deixarase constancia por escrito no expediente.

7. Acheга de documentación e nomeamento.

Os aspirantes que sexan chamados e propostos para o seu nomeamento, previa aceptación dos mesmos, deberán achegar no prazo máximo de tres días hábiles desde a aceptación do nomeamento a documentación relacionada na base 12.

Completada dita documentación o alcalde do Concello procederá ao nomeamento interino correspondente a favor do aspirante proposto, quen deberá proceder á toma de posesión.

DÉCIMO CUARTA.- Base excepcional: Medidas preventivas COVID-19.

Dada a actual situación sanitaria provocada pola pandemia do SARSCoVID-19, o Tribunal seleccionador, a través da/o Presidente deste, queda facultado para a adopción de tódalas medidas preventivas que se consideren apropiadas para maior seguridade no desenvolvemento do proceso selectivo.

Tales medidas aprobadas a través de Instrucións, deberán publicarse no taboleiro de edictos e web municipal xunto co chamamento de aspirantes para realización en modalidade presencial dos exercicios da fase de oposición, sendo de obrigada observancia por parte dos/as aspirantes. No suposto de que algunha/ún aspirante se negue á observancia de calquera das medidas que sexan determinadas para a súa propia seguridade e de terceiros (distanciamento, utilización de mascarilla homologada ou facilitada pola Administración, instrucións sobre entrada/saída á sala de exame ou análogas) o Tribunal queda capacitado para determinala/o como non presentada/o, debendo recollelo explicitamente en Acta.

O Tribunal queda competencialmente capacitado para convocar a realización de algún ou varios exercicios vía telemática, de contar co programa procedente no momento de chamamento para realización dos exercicios da fase de oposición, debendo publicar tal acordo no taboleiro de edictos e web municipal para xeral coñecemento dos/as aspirantes.

Calquera acordo e/ou instrución derivada desta excepcional situación poderá ser modificada segundo as recomendacións técnico sanitarias do momento concreto, contando o Tribunal co asesoramento do Servizo de Prevención por conta allea e do Comité de seguridade e saúde laboral, de ser preciso.

ANEXO I. MODELO INSTANCIA

DATOS DO SOLICITANTE	
Nome e apelidos	
NIF	
Enderezo a efectos de notificación	
Municipio, Código Postal e Provincia	
Teléfono	
Correo electrónico	

EXPÓN:

1º) Que desexo participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Porto do Son para a cobertura como persoal laboral fixo de 5 plazas de operarios de servizos múltiples (OEP 2020).

2º) Que reúno todos os requisitos esixidos referidos á data de finalización do prazo sinalado para a presentación da solicitude nas bases, que acepto e declaro coñecer, e que son certos os datos obrantes na presente instancia, comprometéndome a probar documentalmente todos os datos que figuran nesta solicitude.

Adxunto coa presente instancia, segundo dispón a base 3ª da convocatoria:

- Fotocopia do DNI.
- Fotocopia como mínimo, do certificado de escolaridade ou equivalente.
- De ser o caso certificación de aptitude do Celga 1 ou do curso de aptitude equivalente ou ben a validación correspondente.
- Documento de autoliquidación e xustificante bancario do seu aboamento ou de ser o caso: certificado de des-emprego, emitido polo Instituto Nacional de Emprego ou, no seu caso, polo Servizo Rexional de Emprego que corresponda, no que se indique que figura como demandante de emprego, cunha antigüidade mínima de 6 meses, referida á data de publicación da convocatoria das probas selectivas de que se trate.
- Fotocopia do carné de conducir B.
- Se procede, relación dos méritos alegados e documentación acreditativa dos mesmos

Realizar os exercicios da fase de oposición na lingua que se indica (marcar cunha X):

- castelán
- galego

Por todo o exposto, **SOLICITO:**

Ser admitido a participar no proceso selectivo convocado polo Concello de Porto do Son para a cobertura definitiva como persoal laboral fixo de 5 plazas de operarios de servizos múltiples (OEP 2020).

En Porto do Son, _____ de _____ de 2022

(sinatura)

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PORTO DO SON.

ANEXO II. TEMARIO

Parte General

1. A constitución española de 1978: Estrutura. Principios xerais: Título preliminar artigo 1 a 9.
2. Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público: Artigo 8 ao 12, artigo 14 e 54.
3. Lei de Bases de Réxime Local 7/1985 de 2 de Abril: artigo 11 (Concepto de municipio e elementos). O municipio de Porto do Son: límites e parroquias.

Parte Específica

4. Lei 31/1995, de 8 de novembro, de prevención de Riscos Laborais: Artigo 4 (definicións) e artigo 29 (Obrigas dos traballadores en materia de prevención de riscos).
5. Carpintería e cerraxería: Conceptos básicos. Reparacións e mantementos básicos. Útiles e ferramentas básicas, o seu mantemento e conservación.
6. Albanería e pintura: Conceptos básicos. Reparacións e mantemento básicos. Útiles e ferramentas básicas, o seu mantemento e conservación.
7. Electricidade: Conceptos básicos. Reparacións e mantemento básicos. Útiles e ferramentas básicas, o seu mantemento e conservación.
8. Xardinería: Conceptos básicos. Mantemento básico. Útiles e ferramentas básicas, o seu mantemento e conservación.
9. Fontanería: Conceptos básicos. Reparacións e mantemento básicos. Útiles e ferramentas básicas, o seu mantemento e conservación.
10. Nocións básicas de soldadura e mecánica. Materiais e equipos.

En Porto do Son a 27/01/2022

O ALCALDE

José Luis Oujo Pouso

2022/525